

**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E CREACIÓN DE BOLSA DE  
RESERVA PARA OS ANOS 2022 – 2023**

**Acta da valoración da proba de coñecementos**

**Categoría: Electricista (Oficial 1ª)**

**(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)**

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, en A Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 09:00 horas do día 24 de xaneiro de 2022, reúnese o Tribunal cualificador que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **dunha (1) praza de electricista (Oficial 1ª) (persoal laboral temporal)**, estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

**Tribunal titular:**

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria : Ana Belén Belmonte Ferreiro, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Sonia María Nespereira Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

**Primeiro.-** Constituído o Tribunal no lugar e data anteriormente expresados, procédese á realización da proba de coñecementos ás 09:10 h, sobre os coñecementos específicos e adecuados ás características do posto de traballo (artigo 8 das bases), que consistirá en:

- Contestar a un cuestionario tipo test de 10 preguntas, con 3 de reserva, con 4 respostas alternativas, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se indica nas bases (artigo 8 das bases).
- Realización dun suposto práctico, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se indica nas bases (artigo 8 das bases).

**A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos en cada parte para aprobar.**

A proba de coñecementos deberá realizarse nun tempo máximo de 1 hora.

A proba de coñecementos consta dos seguintes documentos:

1. Unha folla identificativa na que se recollen os datos de identificación persoal dos/as aspirantes e da convocatoria.
2. Tres (3) páxinas do exame tipo test.
3. Dúas (2) páxinas do caso práctico.

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

A folia identificativa e as follas do exame tipo test e do caso práctico dispoñen dun sistema de codificación para garantir o anonimato dos/as aspirantes.

Os/as aspirantes non poden escribir o seu nome, nin realizar marcas, nin sinais de ningún tipo nas follas do exame tipo test nin na folia do caso práctico; en caso contrario, o exame quedará anulado. Non poden dobrar nin engurrar as follas dos exames.

Comparecen os/as seguintes aspirantes:

	APELIDOS E NOME	DNI
1	Calvo Fernández José Luís	4514
2	Expósito García Juan Carlos	5946

**Segundo.-** Finalizada a proba práctica ás 09:58 h, e debidamente cualificada, o Tribunal procede a establecer a seguinte puntuación:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACIDADE	PROBA DE COÑECEMENTOS		
					Test	Suposto práctico	Total
1	Calvo Fernández José Luís	4514	Non	Non	3,60	3,70	7,30
2	Expósito García Juan Carlos	5946	Si	Non	3,60	3,95	7,55

**Terceiro.-** O artigo 8 das bases que rexen o presente proceso selectivo establece literalmente: *“Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos en cada parte para aprobar.”*, polo que todos os aspirantes do proceso selectivo superaron a proba de coñecementos.

**Cuarto.-** O Tribunal cualificador acorda que se faga público mediante anuncio na páxina web e no Taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar, o resultado da antedita proba de coñecementos.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 10:05 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta Secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os/as vogais,

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ BARROS (4 para 6)  
Axienda, 11  
Data de Validación: 01/02/2022  
Data de Sinalatura: 01/02/2022  
HASH: 1f8e462bdb4169492a211e4965f84



SONIA NESPHEREIRA RODRIGUEZ (6 para 6)  
Axienda, 11  
Data de Validación: 01/02/2022  
Data de Sinalatura: 01/02/2022  
HASH: 18add393e463a0814e0b0a7b466c5e944e



Cod. Validación: 5JPMFP6GX4WD9477HQHX4EL | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesibona esfPublico | Páxina 2 de 2